

ALUZ DA MIÑA VIDA

Casey Affleck, 2019

600

ESTREA EN NUMAX: 18.11.2019 | V.O.S.E. | +12

Light of My Life (2019, 119')

Dirección: Casey Affleck

Guión: Casey Affleck

Elenco: Casey Affleck, Anna Pniowsky, Tom Bower, Elisabeth Moss, Hrothgar Mathews, Timothy Webber, Patrick Keating, Monk Serrell Freed, Lloyd Cunningham

Montaxe: Dody Dorn, Christopher Tellefsen

Fotografía: Adam Arkapaw

Dirección de arte: Sara K. White

Vestuario: Malgosia Turzanska

Son: Graham Timmer

Música: Daniel Hart

Produtora: Black Bear Pictures

Distribuidora: BTeam

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Berlinale 2019 (Panorama)

FILMOGRAFÍA

I'm Still here, 2010

SINOPSE

Un mundo postapocalíptico no que, despois de terse propagado un devastador virus, case desapareceron as mulleres. Neste planeta agora habitado por seres fundamentalmente violentos, todos homes, un pai (Casey Affleck) e a súa filla Rag (Anna Pniowsky), sobreviven ocultándose no bosque. Unha historia paterno-filial sobre a difícil tarefa de educar e ensinar a vivir aos fillos para que un día poidan voar sós.

«Unha película independente sólida, sombría e moi ben interpretada. O seu desenvolvemento sinuoso ofrece algúns momentos arriscados e fascinantes»

Jessica Kiang, THE PLAYLIST



“O filme é unha metáfora sobre o cambio nun núcleo familiar”

Entrevista con Casey Affleck

Por Irene Crespo

Tes dous fillos, cantos libros liches sobre paternidade? Deus, todos. Tiña tantas dúbidas e preguntas! Pero gustoume facelo e aínda os teño na estantería e gústame de cando en vez volver a eles. É un pouco nostáxico. Como criar un fillo de seis anos? Lembro eses tempos. Algúns libros púxenos na escena da biblioteca na película. Non sempre están no certo, e non sempre fas o que din, e non pasa nada, tes que ir descubrindo a paternidade por ti mesmo.

E agora preguntácheste como é criar a unha filla? Teño algo de experiencia, criei unha filla durante un par de semanas na rodaxe. Pero a miña idea inicial non era contar unha historia sobre pai e filla, senón falar de criar un neno. Os meus fillos non querían que o fixese porque pensaban que ía falar del... Son moi tímidos. Eu só quería falar de paternidade, así que o cambiei a unha filla. Teño dúas sobriñas, dalgunha forma empecei coas súas personalidades e despois empecei a facerme preguntas e cambiou todo. Pasei tanto tempo pensando en nenos, cambiou as miñas conversacións, a miña forma de pensar, afectou os valores e leccións que quería dar...

Os contos escribíchelos ti? Si. Non son moi bo inventando historias no momento, pero esas tíñaas escritas, contáballas aos meus fillos, outras escribinas mentres

escribía o guión. Creo que a dinámica entre Anna e eu na pantalla funciona porque ela é moi adorábel, foi moi fácil con ela.

Pai e filla viven ese mundo horribel como unha aventura. Que significa na túa vida a idea de aventura? Non sei se podo dicilo mellor que na película. Vén de algo que sentín... Había unha luz guiándome... As cousas poden ser moi difíciles ás veces, outras poden ser moi fáciles e agradábeis. Hai que tentar ter a mesma actitude á hora de afrontar ambas. É algo que non sempre consigo, pero téntoo, e tento aplicalo cos meus fillos, ou coa miña parella. Unha forma de afrontar as cousas que están a pasar na túa vida e que evitará caer na desesperación.

Persoalmente, despois de toda a polémica con *I'm Still Here*, foi difícil volver dirixir? Non, era algo que quería facer. Gustoume. Era unha película diferente, un mundo diferente. Como o é actuar en películas, aí serves a alguén, axúdalo a contar a súa historia. Non todos os actores pensan no seu traballo así, pero eu tendo a pensar que tes que estar aí para o teu «adestrador». Mesmo se tes ideas propias ideas sobre o teu personaxe, ao final tes que facer o que o teu director quere. Como director, ti es o que contas a historia, e as cousas que che interesan ou importan a ti son as cousas nas que tes que centrarte, creo que despois de actuar en moitas películas sintome quen de contar as miñas propias historias, iso gústame, e por iso quixen facer esta película. Gústame actuar e seguirei facéndoo. Pero estou seguro de que volverei dirixir.

Onde xurdiu a inspiración para este mundo postapocalíptico? Ese virus

que ataca só ás mulleres resoa co que está a pasar hoxe. Empecei escribindo sobre paternidade. Cando te concentras só nunha cousa específica podes facelo con autenticidade, ten máis resonancia universal (...) Tes que contar a historia que queres contar pero sabendo que o significado real irá emerxendo co tempo e a distancia. Ao final, *A luz da miña vida* é unha historia sobre a paternidade, e iso é o que ocupou os meus últimos 14 anos de vida. Os meus fillos son o que máis quero, con quen máis me divirto. Estiven casado durante moitos deses anos, pero cando nos divorciamos ser pai converteuse en algo distinto, estás só. Criar fillos como pai solteiro é diferente a facelo nunha unidade familiar. Diría que esta película é, dalgunha forma, unha metáfora en clave de ciencia ficción sobre o cambio nun núcleo familiar e a falta de equilibrio que sentía criando os meus propios fillos.

Publicado en cinemania.20minutos.es
Tradución: Olalla Cociña

O director

Caleb Casey McGuire Affleck-Boldt (Massachusetts, 1975) comezou interpretando papeis secundarios en filmes como *El indomable Will Hunting* (1997) ou *Ocean's Eleven* (2001) ou *Persiguiendo a Amy* (1997). En 2007 a súa carreira como actor colleu pulo cando foi recoñecido pola crítica polos seus traballos en *Adiós, pequena, adiós* (2007) e *El asasinato de Jesse James por el cobarde Robert Ford* (2007), pola que foi candidato ao Oscar ao mellor actor secundario. No 2016 gañou o Oscar ao mellor actor por *Manchester junto al mar* (2016). No 2010 dirixiu *I'm Still here*, un falso documental que narra a vida de Joaquín Phoenix desde que anuncia su retirada como actor, relatando a súa transición ata converterse en cantante de hip hop. É o irmán menor do actor e director Ben Affleck, co que colaborou en varias ocasións.

ALDARA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.
#eusondenamax